

# Galicia

*Parque Natural Baixa Limia  
Serra do Xurés*



gàlicia  
*o bo camiño*

# *6 experiencias para explorar O Xurés*

01




## NATUREZA PROTEXIDA

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e o Parque Nacional de Peneda-Gerês únense nos límites entre Portugal e Galicia, formando un espazo transfronteirizo único de 267.958 ha. de extensión, declarado no ano 2009 Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Estamos nun territorio onde as serras escarpadas se mesturan con outras de formas más dondas; os bosques frondosos contrastan cunha paisaxe granítica de montaña, onde os bolos cobran feituras singulares e a auga está

presente en forma de ríos, pozas, fervenzas naturais e tamén encoros que ofrecen a posibilidade de remar en augas tranquilas no corazón do Xurés.

Aquí poderás descubrir un dos grandes atractivos que garda este espazo: a variedade de flora con máis de 807 especies, das cales 117 son endémicas, como o Lirio do Xurés. Ademais, conta cunha gran diversidade de fauna, con cerca de 150 especies de aves e especies singulares, como la bovina autóctona: a vaca cachena.



MÁIS INFORMACIÓN:  
Centro de visitantes  
Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés  
Estr. Portugal, 34. 32780 Lobios  
T. 988 788 755

*Convidámoste a un paseo  
pola historia do Xurés.  
Descubre os vestixios que  
desde hai 7.000 anos  
deixou o ser humano.*

02




## PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Estamos nun lugar privilexiado para descubrir restos dos nosos devanceiros. Na **Serra Leboreiro** atópase unha das maiores concentracións de túmulos o mámoas de Europa e os dolmens de **Maus de Salas** e **Val do Salas** ben merecen unha visita.

Durante a romanización, este territorio contou coa construcción da Vía Nova, que unía Braga con Astorga, o que propiciou a construcción de edificacións civís como o campamento militar **Aquis Querquennis**, en Bande, ou a

vila con funcións de pousada viaria e instalación termal, **Aquis Originis**, próxima aos Baños do Río Caldo en Lobios. Outra visita obrigada é a igrexa visigótica de **Santa Comba de Bande** do S. VII, única construción que se conserva dun antigo mosteiro e nunha contorna moi particular.

A aldea de Cela en Lobios, coas súas construcións sobre bolos graníticos, e as Cortes da Carballeira en Entrímu son dúas mostras de arquitectura popular que che recomendamos visitar.



MÁIS INFORMACIÓN:  
Fundación Aquae Querquennae Via Nova  
Porto Quintela. 32480 Bande  
T. 988 444 401



*Retrocedemos ao século I d.C.  
época da dinastía Flavia,  
para coñecer unha das calzadas romanas  
mellor conservada  
e con más miliarios de Europa*

03



## CAMIÑO NATURAL VÍA NOVA

Portela Do Home Aquis Originis Centro de Visitantes Reparade Reitoral de San Pedro Santa Comba de Bande  
P.N. Baixa Limia-Serra do Xurés

A Vía Nova, hoxe reconvertida nunha ruta pertencente ao programa estatal Camiños Naturais, pódese percorrer en bicicleta, camiñando ou dacabalo. Tamén coñecida como Vía XVIII do Itinerario de Antonino, foi construída para unir as poboacións de Bracara Augusta (Braga-Portugal) e Asturica Augusta (Astorga).

A primeira etapa, de case 30 km, une Portela do Home, en plena fronteira con Portugal, con Santa Comba en Bande. Durante este percorrido pódense visitar lugares como o balneario de Lobios e os restos da antiga mansio Aquis Originis. Recentemente sinalizouse unha segunda etapa que une Santa Comba de Bande e A Saínza de Abaixo, en Rairiz de Veiga.



# Descubre O Xurés en bicicleta

04



## CENTRO BTT SERRA DO XURÉS

Trátase dun destino de bicicleta de montaña que ofrece nove rutas de diferentes niveis de dificultade que permiten descubrir a riqueza patrimonial e natural ao longo de 133 km sinalizados. Conta cos servizos de información, vestuarios e duchas, aluguer de material, lavado de bicicletas e aloxamento.

As rutas do Parque Forestal de Outeiro da Cela e a Megalítica, que parte desde As Maus de Salas, son dous sinxelos percorridos para realizar en familia.

Os más expertos pódense internar nos picos de Fontefría e percorrer algunhas das poboacións más singulares, como A Cela, Prado de Limia, Requiás ou Guntumil.

Ruta 1: **Parque Forestal Outeiro da Cela** 5,7 km.

Ruta 2: **Travesía do Xurés** 25,5 km.

Ruta 3: **Megalítica** 12,7 km.

Ruta 4: **Picos de Fontefría** 32,4 km.

Ruta 5: **Serra do Pisco** 27,9 km.

Ruta 6: **Vía Nova** 29,4 km.

Ruta 7: **Circular de Lobios** 27,43 km.

Ruta 8: **Minas das Sombras** 40,19 km.

Ruta 9: **Alto de Santa Eufemia** 24,15 km.

*Ver páxina 12*

### PUNTOS DE ACOLLIDA

#### COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO O CORGO

Outeiro da Cela, s/n. Mugueimes - 32880 Muíños

T. 988 456 403 – 609 744 255 – 679 971 377

#### CENTRO DE MONTAÑA AVIVA

Rúa Tulla, 59. As Maus de Salas - 32880 Muíños

T. 607 477 375 – 634 910 503



# Camiñar por paisaxes tradicionais

05



## SENDAS DO XURÉS

Para os amantes de calzar botas de montaña e descubrir novos lugares, O Xurés é o destino perfecto para perderse sabendo en todo momento que dirección tomar.

Podes escoller entre un total de 11 rutas de sendeirismo, que segundo o destino han levarte polos lugares más significativos deste territorio.

- Ruta de Queguas**
- Ruta de Padrendo**
- Ruta do Pan**
- Ruta Vieiro das Mámoas**
- Ruta Torrente-Salgueiro**
- Ruta do río Vilameá**
- Ruta do río Mao**
- Ruta do río Agro**
- Ruta da Mina das Sombras**
- Ruta da Ermida do Xurés**
- Ruta da Corga da Fecha**
- Ruta A Cela-Pitões**

*Ver páxina 13*



MÁS INFORMACIÓN:  
Centro de visitantes  
Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés  
Estr. Portugal, 34. 32780 Lobios  
T. 988 788 755

*Unha das grandes experiencias que podes vivir é mergullares nas augas quentes e sandadoras que xorden neste espazo.*

06



## XURÉS TERMAL

En Lobios atoparás unha vila termal do século XXI, un lugar tranquilo onde recobrar folgos e relaxarte nun recuncho de espectacular beleza coas augas que brotan na ribeira do Río Caldo a 77°C. Aquí poderás tomar un baño na gran piscina pública e gratuíta de augas termais, ou ben deixarte agarimar no Balneario de Lobios, onde as augas están indicadas para tratar procesos crónicos dígestivos, respiratorios, reumatolóxicos, dermatolóxicos e curas de diureses, pero tamén para realizar tratamentos estéticos ou curas de tensións.

---

### BALNEARIO DE LOBIOS


Riocaldo, s/n

32895 Lobios

T. 988 448 440



*Suxerímosche que baixes o ritmo e goces do pracer de viaxar. Propoñémosche que combines a túa actividade favorita co mellor da nosa cultura, gastronomía e natureza.*



# *benvido á autenticidade do Xurés*

**Sherpa Project**, consultora especializada en turismo e boa coñecedora do territorio, seleccionou algunas das melhores experiencias para que a túa viaxe sexa inesquecible. A través de **Viajes Tambre-Aventuras en Galicia** poderás reservar os programas que a continuación che presentamos. Son moi diversas as alternativas que ofrece o **Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés**. Faite protagonista da túa propia experiencia ou solicita información doutros servizos turísticos en contacto coa natureza.

# PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

# XURÉS TERMAL BIKE



Estancia no Balneario de Lobios.  
Ruta en bicicleta polo Centro BTT  
Serra do Xurés

*O balneario de Lobios tenche preparado un plan perfecto: un pouco de bici combinado con natureza e termalismo.*

Empeza a xornada realizando unha ruta do Centro BTT Serra do Xurés. Desde o propio balneario hanche aconsellar cal é a ideal para ti e, se queres viaxar sen preocuparte de cargar coa túa propia bici, alí poderás alugala ou mesmo escoller unha bici eléctrica para unha experiencia máis relaxada; deste xeito só terás que centrarte en descubrir este territorio.

Tras a ruta, nada mellor que deixarse agarimar cun pediluvio

e unha masaxe de pernas. E si che queda tempo libre, dá un paseo polas ribeiras do Río Caldo antes da cea.

O segundo día mergúlliate nas augas quentes de Lobios, sen presa... que o único que te faga saír da auga sexan as ganas de degustar algunha das receitas gastronómicas locais.

**Aloxamento de 1 noite en cuarto dobre + almorzo buffet +  
pediluvio + masaxe de pernas**

**Prezo: 72 euros persoa/noite en cuarto dobre**



# PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

# XURÉS OUTDOOR



Estancia en Aviva Center (Muíños).  
Running e saída kaiak en Maus de Salas.

**Só pensas en correr para escapar do día a día e conectar coa natureza?**

Reserva dous días para ti na axenda e escapa a **Aviva Center**, un complexo especializado en deportes de montaña onde poderás montar o teu campo base e saír a trotar sen que te teñas que desprazar a ningún sitio.

Fai o teu *check-in* á montaña: suxerímosche unha ruta pola contorna do encoro de Salas. E, por que non?, achégate ata a aldea de Cela; logo, se as pernas che piden relax,

pregunta polas Pozas da Seima, más coñecidas por "Pozo Negro". Despois será hora de disfrutar das instalacións e dunha cea caseira.

Para o día seguinte temos un plan que non vas poder rexeitar: unha saída en kaiak polas augas tranquilas do encoro de Maus de Salas.


Cea + aloxamento 1 noite en cuarto compartido + almorzo + actividad de kaiak

Prezo: **43 euros** persoa/noite en cuarto compartido



# PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

# XURÉS AVENTURA



Estancia en Casa da Feira (Lobios).  
Ruta en todo-terreo polas aldeas do Xurés.

**Propoñémosche unha forma moi particular de visitar as aldeas escondidas do Xurés.**

Desfruta dunha xornada percorrendo antigos camiños en todo-terreo para chegar a aldeas esquecidas e coñecer a tradición do interior destas serras. **Xurés Activo** ha facerche de guía e, na metade do camiño, ha sorprenderte cun pícnic ao libre.

Alóxate na **Casa da Feira**, unha casa rural típica das aldeas de montaña do sur de Galicia, e descubre a experiencia de

sentirte como un habitante máis; pola noite agárdate unha cea tradicional.

Para te despedires deste marabiloso destino, dedícalle o teu último día á arqueoloxía romana cunha visita ao complexo arqueolóxico Aquis Querquennis.

**Cea + aloxamento de 1 noite en cuarto dobre + pícnic + ruta en todo-terreo**

**Prezo: 200 euros para 2 persoas/noite en cuarto dobre**





## Centros de Información e Interpretación

Centro	Enderezo	Teléfono	Horario
<b>Centro de Interpretación "Aquis Querquenis"</b>	Porto Quintela, s/n. 32840 - <b>Bande</b>	988 444 401	
<b>Centro de Interpretación do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés</b>	Estrada de Portugal, 34. 32870 - <b>Lobios</b>	988 788 755 parque.natural.xures@xunta.gal	<p><b>Verán:</b> Todos os días 10:00 a 14:00 h e 16:00 a 20:00h</p> <p><b>Inverno:</b> Todos os días 10:00 a 14:00 h e 16:00 a 18:00 h</p>
<b>Centro de Montaña Aviva</b>	Rúa Tulla, 59 <b>As Maus de Salas</b> 32880 - <b>Muíños</b>	607 477 375 www.avivacenter.com info@avivacenter.com	<p><b>Maio - setembro:</b> Todos os días 10:00 a 14:00 h e 16:00 a 20:00 h</p> <p><b>Outubro - abril:</b> Luns a venres 10:00 a 14:30 h Sábado, domingo e festivos 10:00 a 15:30 h</p>
<b>Complexo Turístico-Deportivo O Corgo</b>	Outeiro de Cela, s/n <b>O Corgo</b> 32880 - <b>Muíños</b>	988 456 403 639 030 034	<p><b>Maio - setembro:</b> Todos os días 10:00 a 14:00 h e 16:00 a 20:00 h</p> <p><b>Outubro - abril:</b> Sábado, domingo e festivos 10:00 a 14:30 h</p>



## Rutas BTT

	Denominación	Inicio	Circular	Distancia	Tempo	Dificultade
R. 1	<b>Parque Forestal Outeiro da Cela</b>	Complexo turístico-deportivo O Corgo. Muíños	Si	5,7 km	1 h	Moi fácil
R. 2	<b>Travesía do Xurés</b>	Casa reitoral de San Pedro. Muíños	Si	25,5 km	3 h 40'	Moi difícil
R. 3	<b>Megalítica</b>	Centro de Montaña Aviva. As Maus de Salas	Si	12,7 km	1h 20'	Moi fácil
R. 4	<b>Picos de Fontefría</b>	Centro de Montaña Aviva. As Maus de Salas	Si	32,4 km	4h	Moi difícil
R. 5	<b>Serra do Pisco</b>	Centro de Montaña Aviva. As Maus de Salas	Si	27,9 km	2h 30'	Difícil
R. 6	<b>Vía Nova</b>	Portela do Home. Lobios	Non	29,4 km	2h 30'	Difícil
R. 7	<b>Circular de Lobios</b>	Zona estacionamento. Lobios	Si	27,43 km	4h 30'	Difícil
R. 8	<b>Minas das Sombras</b>	Zona estacionamento. Lobios	Si	40,19 km	5h 10'	Moi difícil
R. 9	<b>Alto de Santa Eufemia</b>	Balneario Lobios-Caldaria. Lobios	Si	24,15 km	4h	Difícil

## Rutas de Sendeirismo



### Homologadas pola F. G. M.

	<i>Denominación</i>	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>	<i>Distancia</i>	<i>Tempo</i>	<i>Dificultade</i>
PR-G 27	<b>Ruta de Queguas</b>	Queguas Entrimo	Queguas Entrimo	6,8 km	2 h	Media
PR-G 28	<b>Ruta de Padrendo</b>	Padrendo Lobios	Padrendo Lobios	11,3 km	3 h 30'	Media
PR-G 128	<b>Ruta do Pan</b>	Guxinde Entrimo	A Casa do Fraude Entrimo	6,73 km	1h 40'	Media

### Rutas no Parque Natural (\*\*)

	<i>Denominación</i>	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>	<i>Distancia</i>	<i>Tempo</i>	<i>Dificultade</i>
	<b>Ruta do Vieiro das Mámoas</b>	Queguas Entrimo	Queguas Entrimo	49 km	22 h	Media
	<b>Ruta Torrente-Salgueiro (*)</b>	Reitoral de Torrente Muíños	Aldea de Salgueiro	22 km	12 h	Media-alta
	<b>Ruta do río Vilameá</b>	Vilameá Lobios	Vilameá Lobios	1,7 km	45'	Baixa-media
	<b>Ruta do río Mao</b>	Casa da Escusalla Lobios	Casa da Escusalla Lobios	3,4 km	2 h	Baixa-media
	<b>Ruta do río Agro</b>	Sta. María A Real A Terrachá-Entrimo	Sta. María A Real A Terrachá-Entrimo	16,5 km	4-5 h	Media-alta
	<b>Ruta da Mina das Sombras</b>	Ermida do Xurés Lobios	Mina das Sombras	14 km	8 h	Alta
	<b>Ruta da Ermida do Xurés</b>	Ermida do Xurés Lobios	Ermida do Xurés Lobios	4 km	2 h 30'	Media
	<b>Ruta da Corga da Fecha</b>	Vila termal de Lobios	Miliarios da Ponte Nova	3,6 km	3 h	Alta
	<b>Ruta A Cela-Pitões (*)</b>	A Cela Lobios	Portela de Pitões Muíños	28 km	10 h	Alta

(\*) Nestes dous itinerarios débese enviar comunicación por escrito (parque.natural.xures@xunta.gal) para atravesar a zona de acceso regulado da aldea medioambiental de Salgueiro. Indicar día, número de persoas, responsable, teléfono e email de contacto.

(\*\*) Información da páxina do Parque Natural - <http://parquesnaturais.xunta.gal/gl/baixa-limia-serra-xures>



### Hoteis



Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Lobios Caldaria</b>	H 4****	Río Caldo, s/n <b>Lobios</b>	988 280 406 988 302 115
<b>AV Apartamentos</b>	H 1*	Portugal , 61 <b>Lobios</b>	988 788 755
<b>Barcelona</b>	H 1*	A Feira Vella (Galez) <b>Entrimo</b>	988 434 724
<b>Lusitano</b>	H 1*	Estrada de Portugal, 47 <b>Lobios</b>	988 448 028

### Pensiós



Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>La Entrimeña 2</b>	P 3***	Cortiña da Fonte, s/n <b>Entrimo</b>	630 926 206
<b>As Termas</b>	P 2**	Os Baños 9 – Río Caldo <b>Lobios</b>	988 448 284
<b>Casa Rosalia</b>	P 2**	r/ Pazos, 28 <b>Lobios</b>	988 448 407
<b>El Trébol</b>	P 1*	Rúa Pombal, 15 <b>Entrimo</b>	988 443 067

### Apartamentos



Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Casa Prado</b>	Ap 1 Ch	Rúa Vilamea, 18 <b>Bande</b>	988 443 426 660 122 039
<b>Casa Requiás</b>	Ap 1 Ch	Requiás <b>Muíños</b>	629 444 360
<b>Casa San Martiño</b>	Ap 1 Ch	Vilameá -Río Caldo <b>Lobios</b>	625 471 202 609 418 362
<b>El Valle</b>	Ap 1 Ch	Bubaces, Rio Caldo <b>Lobios</b>	678 509 258 637 857 717
<b>O Combarrizo</b>	Ap 1 Ch	Suigrexá, 14 - San Martiño <b>Lobios</b>	615 942 374
<b>Outeiro de Cela</b>	Ap 1 Ch	O Corgo <b>Muíños</b>	988 456 403 639 030 034
<b>Vía Nova</b>	Ap 1 Ch	Estrada OU-312, Km1.8 <b>Lobios</b>	988 448 407 693 831 639

## Aloxamentos



### Turismo Rural

Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Casa da Feira</b>	Grupo A	Lugar da Portaxe, 9 - San Martiño <b>Lobios</b>	988 448 138 697 689 635
<b>Casa Rectoral de San Pedro</b>	Grupo A	Estrada N-540 - Mugueimes <b>Muiños</b>	988 456 403 609 744 255
<b>As Fontes</b>	Grupo B	Porqueirós, 30 <b>Muiños</b>	670 950 520 670 319 790 988 984 914
<b>Casa Baralló</b>	Grupo B	Lugar Casal do Souto <b>Lobios</b>	988 434 566 607 459 200
<b>Casa d'Asperelo</b>	Grupo B	Aldea de Asperelo, s/n <b>Entrimo</b>	988 435 045 679 678 138
<b>Casa da Feiravella</b>	Grupo B	Feira Vella, 15 <b>Entrimo</b>	988 434 963 610 526 405
<b>Casa Mariña</b>	Grupo B	Rúa Pombal, 65 <b>Bande</b>	988 443 640



### Vivendas Turísticas

Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Casa da Abuela</b>	VT	Chaus de Limia, 64 <b>Lobeira</b>	686 887 635 988 448 140
<b>Casa Chuca</b>	VT	Requiás <b>Muiños</b>	629 444 360
<b>Casa da Tía Dolores</b>	VT	Picós <b>Muiños</b>	609 300 788



### Albergues Turísticos

Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Albergue Municipal de Bande</b>	AL	Rúa Xaquín Lourenzo, s/n <b>Bande</b>	988 443 001 988 443 004



### Cámpings

Denominación	Categoría	Endereço	Teléfono
<b>Quinta da Viña Grande</b>	2ª	A Illa, s/n - Lantemil <b>Entrimo</b>	661 423 801 988 543 303
<b>O Corgo</b>	2ª	Outeiro da Cela-Mugueimes / Estrada OU-540, s/n - O Corgo <b>Muiños</b>	629 444 360



### Áreas de Autocaravanas

Denominación	Tipo	Coordenada X	Coordenada Y
<b>Área de Servizo de Entrimo</b>	Pública	-8,120981	41,932683

# Turismo de Galicia

## www.turismo.gal

Más información e reservas  
[info@aventurasengalicia.com](mailto:info@aventurasengalicia.com)  
[aventuras@viajestambre.com](mailto:aventuras@viajestambre.com)  
[www.aventurasengalicia.com](http://www.aventurasengalicia.com)  
981 561 785



VIAJES  
**TAMBRE, S.L.**  
X.G.-15

[www.viajestambre.com](http://www.viajestambre.com)

g<sup>o</sup>licia  
o bo camiño



XUNTA  
DE GALICIA  
[xunta.gal](http://xunta.gal)